

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

- 6415** *Real decreto 287/2016, do 1 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 939/1997, do 20 de xuño, polo que se regula a afectación ao programa de fomento de emprego agrario, de créditos para investimentos das administracións públicas nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura e en zonas rurais deprimidas.*

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social vén desenvolvendo unha permanente colaboración cos concellos, a través do Servizo Público de Emprego Estatal, para realizar obras e servizos de interese xeral e social, subvencionando a contratación dos traballadores desempregados contratados nas ditas obras. Estas subvencións instruméntanse a través do Real decreto 939/1997, do 20 de xuño, polo que se regula a afectación ao Programa de fomento de emprego agrario, de créditos para investimentos das administracións públicas nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura e en zonas rurais deprimidas.

O labor que vén desenvolvendo a Garda Civil en todo o territorio nacional e, moi especialmente, no ámbito rural, é encomiable e de vital importancia nas súas misións específicas de prevención e mantemento da seguridade pública. Debido a que, para a consecución destas tarefas, os seus efectivos necesitan estar asentados no territorio, precisan unhas instalacións acordes co seu labor para poder desenvolver as súas funcións coa maior eficacia, mellorando as condicións e a calidade de vida dos cidadáns como son, entre outras, as de protección.

Por isto, dentro do mesmo orzamento de gasto do Programa de fomento de emprego agrario regulado no Real decreto 939/1997, do 20 de xuño, e acorde coa tipoloxía de proxectos que se vén aprobando, considerouse conveniente levar a cabo unha modificación del para incluír a posibilidade de reforma e/ou rehabilitación de casas cuartel da Garda Civil a través das obras de interese xeral e social realizadas polas corporacións locais no marco do referido programa e dos convenios dos servizos públicos de emprego coas entidades locais.

Co fin de preservar a competencia que corresponde ao Ministerio do Interior respecto da programación e decisión das obras de reforma e rehabilitación que deban levar a cabo nas casas cuartel da Garda Civil as corporacións locais, cómpre que expresamente exista un acordo de delegación do exercicio desa competencia, adoptado de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ou unha encomenda de xestión nos termos previstos no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Este real decreto dítase de acordo coa habilitación conferida na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, que autoriza o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

No proceso de elaboración, emitiron informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de xullo de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 939/1997, do 20 de xuño, polo que se regula a afectación ao Programa de fomento de emprego agrario, de créditos para investimentos das administracións públicas nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura e en zonas rurais deprimidas.*

Inclúese unha disposición adicional sexta co seguinte contido:

«Disposición adicional sexta. *Reforma e rehabilitación das casas cuartel da Garda Civil.*

No caso de obras de reforma e rehabilitación das casas cuartel da Garda Civil, entenderase cumprido o requisito previsto no artigo 4.2.a) deste real decreto cando sexan executadas polas corporacións locais en virtude do correspondente acordo de delegación ou de encomenda de xestión adoptado polo ministro do Interior.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Girona o 1 de xullo de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA